

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 24 DE SETEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de setembro de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Anxo Collarte Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 17 de Setembro do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **DEVOLUCION DE FIANZA.-**

**Expte: 14/08/2003/4044-AC/714:** Vista a solicitude de **Don Antonio Fernández Fernández, na representación de Cafedma S.L.**, con domicilio na estrada de San Cristovo-Carballeda de Avia nº 1, San Cristovo, no que interesa a devolución da fianza depositada no seu día (1.500 euros) para responder das obras de construción dunha nave industrial no parque empresarial de San Cristovo, Rúa 4, Parcelas 16 e 17 da 1ª fase e as súa incidencia na vía pública, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, visto o informe do técnico municipal, de data 21.09.07, acorda acceder o solicitado.

#### **CEMITERIOS.-**

“Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, de data 31 de xaneiro de 2006, no que se acordaba un troco da sepultura terrea nº 50, a Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes obrantes nesta Administración Local, acorda deixar sen efecto dito acordo quedando dita sepultura a nome do primitivo titular, Dona Josefa Alonso Rodríguez”.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución de data 29 de agosto pasado, concedendo subvención para a contratación de traballadores desempregados para a realización da obra ou servizo determinado denominados “ Grupo de Apoio as Actividades do Servizo de Urbanismo”, “Grupo de Apoio os Servizos Administrativos do Concello”, “Grupo de desenvolvemento iniciativas culturais”, “Brigada Acondicionamento espazos públicos” e “Grupo de Apoio as actividades de apoio as actividades da escola deportiva”.

-“Da Dirección Xeral de Protección Civil, comunicando Resolución de data 10-09-07 relativa a concesión de subvención para o financiamento dos gastos derivados da creación, posta en funcionamento e desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil (9.292 euros)”.

-“Da Dirección Xeral de Protección Civil, comunicando Resolución de data 10-09-07 relativa a concesión de subvención para o financiamento dos gastos derivados da creación, posta en funcionamento e desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil ( 19.357,05 euros)”.

-“Da Dirección Xeral de Protección Civil, comunicando Resolución de data 10-09-07 relativa a cesión en propiedade de material de emerxencia e salvamento en misións de protección civil aos Concellos e Mancomunidades Galegos (Bomba de achique e grupo electrógeno)”.

-“Da Confederación Hidrográfica do Norte, acordo de arquivo de actuacións da denuncia formulada por Aqualia, Gestión Integral de Agua S.A. e o Concello de Ribadavia por derivación de augas do río Maquiáns, no paraxe denominado Saa, no término municipal de Carballeda de Avia (Ourense)”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “ELIMINACION DE RECHEOS DE TERRAZAS EXTERIORES E ALJIBE DO CASTELO DO SARMENTO”.**

“Vista a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación a favor da U.T.E. SUSO FERNANDEZ S.L.-DICONSA, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Adxudicar a obra de Eliminación de recheos de terrazas exteriores e aljibe do Castelo do Sarmiento a **U.T.E. SUSO FERNANDEZ S.L.-DICONSA**, por resultar a oferta máis vantaxosa para o Concello, sendo o importe de adxudicación de 200.000 euros e demais oferta realizada pola empresa que de seguido transcribese:

- **Aumento de Obra sobre a definida en Proxecto:** Propón un orzamento global para as melloras de **61.500 euros**.
- **Redución do prazo da obra respecto a proxecto:** O prazo ofertado para a execución da obra é de **2 meses**.

- **Prazo de garantía e asistencia técnica:** O prazo ofertado é de **42 meses**.

2º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva equivalente ó 4% do importe de adxudicación no prazo de 15 días seguintes a notificación da adxudicación.

3º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

5º.- 5º.- Nomear como Técnico Director da obra a don Miguel A. Calvo Salve e Dona María Jesús Blanco Piñeiro.

6º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario e o nomeado para a dirección da obra, así como os licitadores non adxudicatarios aos que se lle deberá devolver a garantía provisional constituída ao efecto.”

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.